

Boletín nº 1 LIFE GLOBAL

2025

ESTRATEGIA TRANSNACIONAL PARA A RESTAURACIÓN DE
ÁREAS DA REDE NATURA 2000 DE ALTO VALOR DE
CONSERVACIÓN NO NORTE DA PENÍNSULA IBÉRICA BAIXO
UNHA PERSPECTIVA DE CAMBIO GLOBAL.



ÍNDICE DE CONTIDOS

WP1.- XESTIÓN DO PROXECTO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES.....	3
WP13.- XESTIÓN ADAPTATIVA PARA A CONSERVACIÓN FUTURA DOS HÁBITATS.....	10
WP14.- CONSERVACIÓN DA DIVERSIDADE XENÉTICA DE ESPECIES PRIORITARIAS DE FLORA E HÁBITATS.....	11
WP21.- SENSIBILIZACIÓN PÚBLICA E DIFUSIÓN DE RESULTADOS.....	13
WP22.- ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE, REPLICACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO.....	24
WP23.- ESTRATEXIA DE INTERCAMBIO – NETWORKING CON OUTROS PROXECTOS.....	27

WP1 - XESTIÓN DO PROXECTO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES

REUNIÓN DE LANZAMENTO EN LEÓN, ESPAÑA.

25 de xuño de 2024

O 25 de xuño tivo lugar en León (España) a primeira reunión presencial do proxecto, na que se deron os primeiros pasos para a súa coordinación e posta en marcha.



1.- 1ª REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN ABEGONDO, A CORUÑA, ESPAÑA

25 de febreiro de 2025

O 25 de febreiro tivo lugar a 1ª reunión de coordinación na sede da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, onde se realizou o seguimento dos primeiros meses do proxecto. Puideron asistir todos os socios do territorio galego xunto cos socios de Castela e León.



2.- 2ª REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN VELILLA DEL RÍO CARRIÓN, PALENCIA, ESPAÑA

12 de xuño de 2025

O 12 de xuño tivo lugar a 2ª reunión de coordinación do proxecto en Velilla del Río Carrión. Ao rematar, os socios que puideron asistir presencialmente desprazáronse ao lugar das actuacións que se desenvolven en Castela e León.



3.- 3ª REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN LAGUARDIA, ÁLAVA, ESPAÑA.

18 de novembro de 2025

O 18 de novembro de 2025 tivo lugar a 3ª reunión de coordinación en Álava. Tras finalizar a reunión, realizouse unha breve visita a un dos enclaves obxecto de LIFE GLOBAL en Álava.



REUNIÓN DE COORDINACIÓN SOBRE AS ACCIÓNS EN CASTELA E LEÓN (ESPAÑA)

16 de xullo de 2025


O 16 de xullo de 2025 celebrouse unha reunión de coordinación sobre as actividades do proxecto LIFE GLOBAL en Castela e León, nas instalacións de Inbiotec-CESEFOR en León. Participaron representantes da Junta de Castilla y León, da Fundación CESEFOR e da Fundación Patrimonio Natural de Castilla y León, así como un representante de IBADER-USC, entidade beneficiaria da coordinación do proxecto. A reunión foi moi produtiva e permitiu ás entidades participantes establecer unha división preliminar de tarefas en Castela e León e avanzar cara a unha xestión máis eficaz do proxecto.



1ª VISITA DE SEGUIMIENTO DE CINEA

10 de abril de 2025.

Realizouse a primeira visita ao proxecto en liña (tal e como se establece neste período de programación 2021-2027). O obxectivo foi comprobar como se desenvolven os diferentes paquetes de traballo e revisar o sistema de xestión administrativa e financeira do proxecto, verificando como levan os socios o control dos gastos, así como o rexistro de tempo (timesheets) e as facturas do proxecto.



WP13.- XESTIÓN ADAPTATIVA PARA A CONSERVACIÓN FUTURA DOS HÁBITATS

13.4 CONTROL DA VEXETACIÓN ARBUSTIVA COMPETIDORA (MBG-CSIC)

Os primeiros traballos executados foron o control da vexetación competidora, o manexo da vexetación natural e a sementeira de leguminosas autóctonas nesta localidade (*Trifolium subterraneum*, *Medicago polymorpha*, *Ornithopus sativus*), de elevado interese para a alimentación de tres especies de aves catalogadas en perigo de extinción en Galicia: o alcaraván común (*Burhinus oedicephalus*), a avefría europea (*Vanellus vanellus*) e o sisón común (*Tetrax tetrax*), este último tamén coa máxima categoría de ameaza en España e na Unión Europea.




WP14.- CONSERVACIÓN DA DIVERSIDADE XENÉTICA DE ESPECIES PRIORITARIAS DE FLORA E HÁBITATS

14.1 ESTRATEXIA DE CONSERVACIÓN EX SITU (IBADER-USC).

Tras recoller sementes e estacas en Ribadeo (Galicia) das especies características do hábitat 4040* Queirogais costeiros de *Erica vagans* na contorna das zonas previstas para a súa restauración polo proxecto LIFE GLOBAL, comezan as tarefas de produción de planta en laboratorio.

Os resultados preliminares amosan un enraizamento satisfactorio das estacas recollidas. En canto aos protocolos de establecemento in vitro, estanse a optimizar mediante a planificación da recollida de novas mostras durante o verán e o outono.

14.2 RECOLLIDA DE MOSTRAS XENÉTICAS (IBADER-USC).



Durante febreiro de 2025 comezaron os traballos de recollida de material vexetal de reprodución para empregalo na restauración do hábitat 4040* *Queirogais costeiros* de *Erica vagans* en Ribadeo (Galicia). Para iso seleccionáronse varias especies características deste tipo de hábitat, de acordo co Manual de Hábitats de Galicia, e iniciouse a recollida de material vexetal na contorna das zonas previstas polo proxecto, co fin de dispoñer de material de reprodución de orixe local e compatible para os traballos de restauración.



21.5 PROGRAMA DE DIFUSIÓN – PRESENTACIÓNS DO PROXECTO.

PRESENTACIÓN DO PROXECTO EN GALICIA (IBADER-USC)

13 de agosto de 2024

Presentación do proxecto por parte dos coordinadores (IBADER-USC) ás autoridades competentes en materia de medio ambiente en Galicia (Consellería de Medio Ambiente), así como ao alcalde dun dos concellos nos que se actuará.



PRESENTACIÓN DO PROXECTO EN NAVARRA (ORE-KAN)

22 de maio de 2025

Con motivo do Día Europeo da Rede Natura 2000, Gestión Ambiental de Navarra (GAN-NIK) presentou o proxecto europeo LIFE Global, «Estratexia transnacional para a restauración de áreas Natura 2000 de alto valor de conservación no norte da Península Ibérica baixo unha perspectiva de cambio global», na ZEC Urbasa-Andia. Iníciase así unha rolda de presentacións nos diferentes territorios navarros que participan no proxecto LIFE GLOBAL, entre os que se atopan Baztan, Abaurrea Alta e Baixa, Bigüezal-Romanzado e Esteribar-Anue.



PRESENTACIÓN DO PROXECTO NA XORNADA «BIOMASA 360° EN NAVARRA. DA XESTIÓN FORESTAL E A PREVENCIÓN DE INCENDIOS AO CONSUMO INDUSTRIAL» (ORE-KAN)

20 de outubro de 2025

O luns 20 de outubro OREKAN presentou o proxecto LIFE GLOBAL na xornada «Biomasa 360° en Navarra. Da xestión forestal e a prevención de incendios ao consumo industrial», no marco da Semana do Clima de Navarra e do proxecto Interreg Sudoe BIO4RES.

As persoas participantes visitaron os rasos do Monte de Limitaciones, unha paisaxe gandeira na que conflúen queirogais húmidos (con *Genista anglica*) e pastos, ambos os hábitats de interese prioritario e alto valor obxecto de conservación no LIFE GLOBAL.



PRESENTACIÓN DO PROXECTO EN GALICIA E CELEBRACIÓN DO DÍA DA REDE NATURA 2000 (ADRMB)

26 de mayo de 2025

O 26 de maio de 2025, con motivo do Día Europeo da Rede Natura 2000, a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas (ADRMB) presentou o proxecto europeo LIFE Global no Museo do Mar de Sorrizo, en Arteixo, e ofreceu varias conferencias para poñer en valor estes espazos e esta rede.



PRESENTACIÓN DO PROXECTO EN ÁLAVA (DIPUTACIÓN FORAL DE ÁLAVA)

06 de xuño de 2025

O 6 de xuño de 2025 a Deputación Foral de Álava presentou o proxecto LIFE Global e as accións que se desenvolverán nese territorio ante o padroado do Parque Natural de Izki.



21.5 PROGRAMA DE DIFUSIÓN – OBRADOIROS ESCOLARES

1º OBRADOIRO ESCOLAR (ADRM B)

01/04/2025

Realizouse un obradoiro escolar co alumnado, no que nos achegamos a un espazo próximo da Rede Natura 2000, moi antropizado, e fixemos unha pequena ruta interpretativa centrada na explicación das especies invasoras e na importancia da Rede Natura 2000.



2º OBRADOIRO ESCOLAR (ADRM B)

04/04/2025

Realizouse un obradoiro escolar co alumnado, no que nos achegamos a un espazo próximo da Rede Natura 2000 e fixemos unha pequena ruta interpretativa centrada na explicación das especies invasoras e na importancia da Rede Natura 2000.



3º OBRADOIRO ESCOLAR (ADRM B)

07/04/2025

Realizouse unha ruta ambiental por un espazo da Rede Natura 2000 da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, na que destacamos os valores deste espazo e a importancia da Rede Natura 2000 para a súa preservación e conectividade.



4º OBRADOIRO ESCOLAR (ADRM B)

14/11/2025

Realizouse unha ruta ambiental por un espazo da Rede Natura 2000 da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, na que destacamos os seus valores e a importancia da Rede Natura 2000 para a súa preservación e conectividade. Durante a ruta identificamos as principais especies invasoras deste espazo, así como os proxectos restaurados.



VISITA DA UNED NO CURSO DE RESTAURACIÓN ECOLÓXICA AOS EMPRAZAMENTOS DE LIFE GLOBAL NA LIMIA (GALICIA) (MBG-CSIC)

A visita da UNED, no marco do curso de Restauración Ecolóxica, aos emprazamentos da Limia permitiu coñecer de primeira man o traballo desenvolvido polo proxecto LIFE Global en Galicia, coordinado polo MBG-CSIC. Durante a xornada, o alumnado puido observar sobre o terreo distintas actuacións de restauración ecolóxica e aprender sobre as estratexias empregadas para recuperar os ecosistemas e conservar a biodiversidade da zona.



21.5 PROGRAMA DE DIFUSIÓN – CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA (IBADER-USC)

Do 07 de xuño ao 10 de xullo de 2025.

Este curso baséase nos obxectivos e metas establecidos pola Estratexia Europea de Biodiversidade, a Estratexia Europea de Infraestrutura Verde e o Regulamento Europeo de Restauración Ecolóxica. Estudaranse os aspectos normativos e técnicos e, especialmente, os proxectos e actuacións desenvolvidos en Galicia a través de diferentes proxectos colaborativos nos que participa o profesorado do curso.



21.5 PROGRAMA DE DIFUSIÓN – XORNADA DE VOLUNTARIADO

XORNADA DE VOLUNTARIADO NA ZEC COSTA DA MORTE, GALICIA (ADRMB)

22 de julio de 2025

O 22 de xullo de 2025 realizouse na Zona Especial de Conservación (ZEC Costa da Morte), en Arteixo, unha actividade de retirada de especies exóticas invasoras mediante a eliminación manual de unlla de gato (*Carpobrotus edulis*) con persoas voluntarias. Retiráronse 700 quilogramos



WP.- 22 ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE, REPLICACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO

22.1 OBRADOIROS CON GRUPOS CONSIDERADOS

XORNADAS CON ENTIDADES LOCAIS EN GALICIA (ADRMb)

18 de marzo de 2025



22.2 XORNADAS DE CAPACITACIÓN TÉCNICA

XORNADAS DE CAPACITACIÓN – VISITA DA UNIVERSIDADE DE SALAMANCA Á ZONA DE ACTUACIÓN EN PORTUGAL (CIMO/IPB)

06 de junio de 2025

O alumnado do mestrado en Bioloxía e Conservación da Biodiversidade da Universidade de Salamanca realizou unha visita de estudo ao Centro de Investigación de Montanha (CIMO) do Instituto Politécnico de Bragança (IPB) para coñecer o proxecto LIFE GLOBAL e visitar unha das zonas de actuación.

Nesta zona o proxecto actuará na ZEC Montesinho/Nogueira (PTCON0002) sobre a especie *Eryngium viviparum*, realizando un reforzo poboacional mediante a creación dunha poboación de respaldo a través do establecemento de propágulos.



XORNADAS DE CAPACITACIÓN (ADRMB)

19 de abril de 2025

En abril celebrouse o primeiro seminario de capacitación do proxecto LIFE GLOBAL xunto co VI Obradoiro de Emprego Verde. O alumnado coñeceu os espazos da Rede Natura 2000, o seu funcionamento e as súas necesidades de conservación. Ademais, abordouse a problemática das especies invasoras na horticultura, destacando a importancia de contar con profesionais formados, aplicar métodos axeitados de control e extracción e priorizar a prevención para protexer o bo estado ecolóxico destes espazos.




WP.-23 ESTRATEXIA DE INTERCAMBIO – NETWORKING CON OUTROS PROXECTOS

23.4 CAPTACIÓN, TRANSFERIBILIDADE E REPLICABILIDADE DA REDE GLOBAL

ORGANIZOUSE UN WORKSHOP DE NETWORKING CON BRETAGNE VIVANTE SOBRE AS POBOACIÓNS DE *ERYNGIUM VIVIPARUM* NAS LOCALIDADES DE LIFE GLOBAL (IBADER-USC)

4 de setembro de 2025

Entre os días 1 e 4 de setembro de 2025, un equipo da entidade ambientalista Bretagne Vivante, procedente da Bretaña (noroeste de Francia), participou nun workshop de networking para intercambiar información sobre a conservación e as medidas de xestión de *Eryngium viviparum*. Con motivo deste evento visitáronse as poboacións desta especie no noroeste de España (Terra Chá, A Limia e Zamora) e no norte de Portugal (Bragança). En cada localidade participaron os diferentes beneficiarios e entidades asociadas a LIFE GLOBAL: IBADER, Sociedade Galega de Historia Natural, Junta de Castilla y León, Centro de Investigación de Montanha do Instituto Politécnico de Bragança e Instituto Nacional da Conservação e das Florestas (ICNF).





ESTRATEGIA TRANSNACIONAL PARA A RESTAURACIÓN DE ÁREAS DA REDE NATURA 2000 DE ALTO VALOR DE CONSERVACIÓN NO NORTE DA PENÍNSULA IBÉRICA BAIXO UNHA PERSPECTIVA DE CAMBIO GLOBAL.